

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 12 DE XANEIRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel González Sarria como presidente do Xurado de Expropiación de Galicia.
- Decreto polo que se nomea a Juan Carlos Argüello Fernández como presidente do Xurado de Expropiación de Galicia.
- Decreto polo que se aproban os estatutos da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproba o seu estatuto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea a Valentín García Gómez como secretario xeral de Política Lingüística.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Sagrario Pérez Castellanos como secretaria xeral da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se nomea a Antonio Fernández-Campa como secretario xeral da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se dispón que cese María Nieves Domínguez González como directora de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

- Decreto polo que se nomea a María Nieves Domínguez González como xerente do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/ce do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos de mercado interior.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se regulan as condicións de comercialización e uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e Telefónica, sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias.
- Acordo polo que se autoriza o inicio das actuacións necesarias para a integración da Axencia Galega de Emerxencias, da cal depende o Centro e Atención de Emerxencias 112 Galicia, na Asociación do Número de Emerxencias Europeo 112 (EENA).
- Acordo polo que se autoriza o protocolo de cooperación para a creación da Eurocidade Tui-Valença.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a concesión dun préstamo participativo á sociedade Estación de Inverno Manzaneda S.A. por importe de 500.000 euros.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o proxecto da orde pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Informe sobre o Programa Galego de Voluntariado Dixital.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: actuación de emerxencia e de inmediata execución no corredor do Morrazo para reducir os choques frontais, por unha contía aproximada de cento noventa e oito mil trescentos trinta e tres euros con trinta e un céntimos (198.333,31 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Plataforma de Innovación Sanitaria da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O DECRETO DE NOMEAMENTO DO NOVO PRESIDENTE DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

- ***Juan Carlos Argüello Fernández substituirá a Manuel González Sarria, que veu ocupando este cargo desde o mes de outubro de 2007***
- ***O mandato do novo presidente será por un período de catro anos, prazo que xa expirara no caso do presidente saínte***
- ***O Xurado de Expropiación de Galicia ten como funcións a fixación do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais ou conxuntas e o establecemento da contía das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas***

O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe aprobou o decreto polo que se nomea a Juan Carlos Argüello Fernández como novo presidente do Xurado de Expropiación de Galicia, en substitución de Manuel González Sarria, que veu ocupando este cargo dende o mes de outubro de 2007, e que foi cesado tamén hoxe mediante o correspondente decreto.

Argüello Fernández é licenciado en dereito e funcionario do corpo superior de Administración, desde o cal desempeñou diversos postos na Xunta de Galicia, entre outros, subdirector xeral de Xestión e Coordinación na Consellería de Agricultura, xefe da Unidade Técnico- xurídica do organismo autónoma Augas de Galicia ou secretario xeral de Augas de Galicia. Dende o 11 de xuño de 2009 desempeñou o cargo de subdirector xeral de Dominio Público Hidráulico neste último organismo.

Tal e como establece o Regulamento de organización e funcionamento do Xurado, o mandato do novo presidente será por un período de catro anos, prazo que xa expirara no caso do presidente saínte.

O Xurado de Expropiación de Galicia está adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e ten como funcións a fixación por vía administrativa do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais, cando non existe mutuo acordo entre a Administración e os particulares; e en taxación conxunta, cando os titulares dos bens ou dereitos formularsen oposición á valoración contida no proxecto de expropiación aprobado polo órgano competente. Este organismo tamén debe fixar a contía das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DE AUGAS DE GALICIA, UNHA ENTIDADE QUE GAÑA MÁIS COMPETENCIAS, MELLOR COORDINACIÓN E AFORRARÁ CUSTOS PARA OS GALEGOS

- *O novo estatuto determina a integración nun só ente do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos*
- *A nova estrutura derivará nun aforro anual estimado de máis de 72.000 euros*
- *O persoal de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos pasan a formar parte do mesmo ente, segundo os principios de eficacia e eficiencia organizativa*
- *A redución do gasto en materia de persoal dá cumprimento á política de austeridade promovido polo actual Goberno*
- *A necesidade de contar cunha entidade que dispoña dunha estrutura adecuada que garanta a toma de decisións e a coordinación entre as diferentes unidades foi a razón pola que se redactou un novo estatuto de Augas de Galicia*
- *A estrutura administrativa da Dirección do novo organismo de Augas de Galicia estará integrada por catro áreas e unha unidade dedicada á contratación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se crean os novos estatutos do organismo Augas de Galicia, que se converte así nunha entidade con máis competencias, máis coordinada e menos custosa para os galegos. Este organismo é o ente de dereito público que está chamado a constituírse no instrumento central para levar a cabo a política da auga en Galicia. O novo estatuto determina a integración nun só ente do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos de Galicia.

Respecto do regulamento do estatuto, na nova entidade de Augas de Galicia convivirá persoal funcionario e laboral que na actualidade presta os seus servizos en Augas de Galicia e na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Os postos de traballo no cadro de persoal da nova entidade estruturarase baixo os principios de eficacia e eficiencia organizativa e garantirase o mesmo réxime retributivo por categorías, sen prexuízo das peculiaridades específicas do posto.

Cómpre sinalar que coa creación do novo ente Augas de Galicia se garante a redución do gasto en materia de persoal co obxectivo de dar cumprimento ao compromiso de austeridade, a pesar de que coa nova lei se están a incrementar as competencias, como o servizo de depuración de augas residuais, é dicir, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras. Deste xeito, simplifícase a relación co administrado e elimínanse duplicidades funcionais, aforrándose, só en gastos de persoal, 72.643 ao ano a pesar de asumir unha maior carga de traballo, por exemplo, na prestación do servizo de depuración.

A entrada en funcionamento da nova entidade Augas de Galicia producirase coa súa constitución, que terá lugar no prazo de tres meses desde a entrada en vigor do decreto.

O estatuto divídese en tres capítulos: o primeiro dedicado á natureza, sede e principios de organización e funcionamento do novo ente; o segundo, á súa organización; e o terceiro, ao réxime xurídico do funcionamento de Augas de Galicia.

Dende o Goberno galego considerouse a necesidade de elaborar un novo estatuto de Augas de Galicia, co obxectivo de que esta entidade dispoña dunha estrutura adecuada que garanta a toma de decisións, así como a coordinación entre as diferentes unidades.

O modelo de estrutura estará formado pola Presidencia e o Consello Reitor, sendo a Dirección o órgano executivo, e, ademais garántese a participación cidadá coa regulación do Consello para o Uso Sustentable da Auga, cuxa creación determina a propia Lei de augas de Galicia.

O artigo 6 deste Estatuto define a composición do Consello Reitor, observando tanto a obriga de procedencia dos seus membros (representantes da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das entidades locais e dos usuarios da auga), como a garantía de representación de todas as administracións, e cumprese o requisito de que un terzo dos seus membros correspondan aos mencionados usuarios. Este consello tamén actuará como Consello da Augas da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, órgano fundamental da planificación hidrolóxica.

Catro áreas

A estrutura administrativa da Dirección do novo organismo de Augas de Galicia está integrada por catro áreas e unha unidade dedicada á contratación. A configuración destas catro áreas obedece ás funcións que debe levar a cabo a entidade, especificadas consonte a experiencia de funcionamento da actual Administración hidráulica.

- **Área técnica:** encargada fundamentalmente das funcións de planificación e de execución e xestión de infraestruturas hidráulicas
- **Área de servizos e asesoría xurídica:** entre cuxas tarefas destaca a secretaría de órganos colexiados, e a preparación dos anteproxectos de normas, así como a xestión do persoal e a coordinación das actuacións de Augas de Galicia perante órganos parlamentarios, xudiciais ou comunitarios
- **Área de xestión do dominio público hidráulico:** correspóndelle fundamentalmente o desenvolvemento das funcións relativas á intervención e control do dominio público hidráulico, así como ás referentes ás verteduras desde terra ao mar
- **Área económico-financeira:** as funcións fundamentais desta área son ás relativas á preparación e execución do orzamento de Augas de Galicia

Tamén se creará unha Unidade de Contratación, dependente directamente da Dirección de Augas de Galicia, coa cal se pretenderá dotar de maior axilidade os procedementos de contratación da entidade, dada a súa importancia, de acordo coas funcións que ten atribuídas Augas de Galicia.

A nova entidade contará cos seguintes órganos de goberno:

- Unha Presidencia que ocupará o titular da consellería competente en materia de augas
- Un Consello Reitor formado por 27 persoas, estando representados todos os sectores implicados na xestión da auga na Comunidade Autónoma.
- Un Consello para o Uso Sustentable da Auga, que estará formado por 27 persoas dos distintos sectores da sociedade.
- Unha Dirección como órgano de goberno ordinario para a execución das funcións administrativas.

Liñas de actuación

Esta nova entidade pública garantizará a máxima eficacia no cumprimento das súas funcións e na prestación dos seus servizos. As grandes liñas de actuación e finalidades de Augas de Galicia baséanse na utilización sustentable e racional da auga e a contribución á preservación e mellora do ambiente, en particular dos ecosistemas acuáticos; na compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza; así como, na unidade de xestión e planificación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

Tamén son obxectivos prioritarios axeitar os custos dos servizos relacionados coa auga para conseguir un consumo responsable desta, e deste modo acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo xusto e accesible; a coordinación o cooperación entre as Administracións con competencias en materia de augas; garantía da calidade da subministración da auga urbana; e a solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social.

A XUNTA MODIFICA A ESTRUCTURA DO CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES COA INCORPORACIÓN DE CATRO REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *A nova estrutura deste Consello contempla tres representantes de discapacitados no Pleno e unha na Comisión Permanente*
- *O Goberno galego aprobou no Consello da Xunta do 10 de decembro de 2010 o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, cuxo fin é avanzar na consecución da participación deste colectivo na sociedade*
- *A presenza do colectivo de persoas con discapacidade neste órgano resulta fundamental para que as súas achegas se incorporen á ordenación do transporte e melloren así os servizos que se lle prestan*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o decreto polo que se modifica a estrutura do Consello Galego de Transportes, incorporando catro representantes das persoas con discapacidade, tres no Pleno e unha na Comisión Permanente.

Cabe lembrar que o Goberno galego informara no Consello da Xunta do 10 de decembro de 2010 do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, cuxo obxectivo é avanzar na consecución da plena participación deste colectivo na sociedade. Neste senso, a presente modificación da composición do Consello Galego de Transportes vai en consonancia co citado plan.

A Xunta de Galicia, mediante a incorporación das persoas con discapacidade ao organismo, pretende mellorar a accesibilidade deste colectivo ao sistema de transporte público. Esta optimización pasa pola adaptación ás súas particulares circunstancias tanto aos medios como ás infraestruturas do transporte, pero tamén pola sensibilización e a presenza das súas necesidades en todos os eidos de decisión.

A presenza de persoas con discapacidade neste órgano resulta fundamental para que as súas achegas se incorporen á ordenación do transporte e melloren así os servizos que se lle prestan. Deste xeito, este grupo poderá participar na elaboración de informes, proxectos ou mesmo no asesoramento da Administración autonómica no ámbito do transporte.

Tramitación

Para a modificación da estrutura do Consello Galego de Transportes, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fai constar no expediente informes favorables da Secretaría Xeral da Igualdade, Dirección Xeral de Orzamentos, Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes e Asesoría Xurídica Xeral.

Dende a Dirección Xeral de Mobilidade sinalase que o texto foi remitido á Confederación Coordinadora Estatal de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica de España, que

non formulou alegacións. Tamén se remitiu á Secretaría Xeral de Política Social, que solicitou introducir no texto unha disposición transitoria para prever o réxime de nomeamento dos representantes de discapacitados mentres non estea en funcionamento o Consello Galego de Persoas con Discapacidade, petición aceptada e recollida no texto.

A XUNTA OPTIMIZA A EFICIENCIA E A XESTIÓN DA I+D+i EN GALICIA COA CREAMENTO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

- ***O obxectivo fundacional da nova Axencia é fomentar e vertebrar as políticas de innovación e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas***
- ***O novo organismo autónomo, que asume as competencias da actual Dirección Xeral de I+D+i, desenvolverá o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C conforme a obxectivos medibles e orientados a un uso eficiente dos recursos***
- ***A aprobación do decreto de creación polo Consello da Xunta abre un período de dous meses que dará paso á posta en marcha operativa da AGI***

O Goberno galego aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de creación e de estatutos da Axencia Galega de Innovación (AGI), un novo organismo autónomo adscrito á Consellería de Economía e Industria que permitirá optimizar a eficiencia e xestión das políticas de I+D+i. O novo organismo, que entrará en funcionamento no prazo de dous meses segundo o marco temporal establecido, asumirá como punto de partida as competencias da actual Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, xestionando o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C).

O obxectivo fundacional da nova Axencia é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Neste sentido, ademais de liderar as políticas de innovación da Xunta de Galicia, a AGI centrará os seus esforzos no fomento de estratexias de valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros tecnolóxicos e de investigación; na promoción das dinámicas de colaboración entre os axentes do Sistema Galego de Innovación; no impulso á internacionalización dos axentes e dos seus logros en materia de I+D+i; e na captación e xestión de talento innovador.

A creación da AGI, que contará con personalidade xurídica, patrimonio e tesouraría propios, responde ao compromiso adquirido nesta lexislatura pola Xunta de Galicia de establecer un réxime de actuación en materia de I+D+i baseado na xestión transparente por obxectivos, apoiándose no cumprimento de indicadores claros, medibles e orientados cara á mellora na prestación do servizo, sobre todo en termos de eficiencia no binomio recursos-resultados.

A Axencia Galega de Innovación estará presidida polo conselleiro de Economía e Industria, que se apoiará nun Consello Reitor para o seu goberno. Na parte operativa estará o director xeral, do cal dependerán as áreas e divisións executivas e que estará sometido á supervisión da Comisión de Control a nivel de xestión económico-financeira.

Observatorio de Innovación e Rexistro de Axentes

A AGI dotarase de dous instrumentos de apoio especificamente contemplados na estratexia do Plan i2C: o Observatorio da Innovación en Galicia e o Rexistro de Axentes do Sistema Galego de Innovación.

O Observatorio de Innovación será a ferramenta principal de avaliación e retroalimentación continua das políticas públicas de innovación desenvolvidas en Galicia. Ademais, farase cargo da monitorización da actividade innovadora do conxunto do Sistema Galego de Innovación e das diferentes ramas de actividade económica da comunidade.

Pola súa banda, o Rexistro de Axentes terá como misión apoiar a catalogación e seguimento dos axentes galegos implicados na xeración, difusión e valorización de coñecemento.

Paralelamente, será posta en marcha a Plataforma da Innovación Galega, un portal web dirixido a facilitar a interacción entre os axentes do Sistema de I+D+i e a difusión do coñecemento xerado por eles.

Plan de acción 2012

Os obxectivos inmediatos que a AGI abordará no seu primeiro ano de existencia están xa plasmados nun plan de acción que contempla accións que se corresponden directamente coa execución do Plan i2C. Así, traballarase no incremento da participación en programas nacionais e internacionais de I+D+i por parte dos axentes galegos; no apoio á creación de empresas de base tecnolóxica e de empregos no marco do Sistema Galego de I+D+i ou na homologación de axentes de valorización do coñecemento e de axentes de dinamización de proxectos innovadores en colaboración. Tamén se impulsará a articulación de proxectos de innovación que impliquen a cooperación entre diferentes axentes e traballarase na divulgación dos resultados da investigación financiada con fondos galegos e na difusión dos instrumentos de protección industrial (patentes e outros).

Esta folla de ruta contempla tamén, entre outras actuacións, a posta en marcha, logo da experiencia piloto iniciada en 2009, do Programa de Xestores de Innovación de Galicia (Rede XIGA), que se materializará na capacitación de profesionais especializados en xestión da innovación e a súa incorporación a pemes galegas para contribuír á mellora da súa competitividade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE NOMEA A VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ COMO SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

- *Ata o de agora era técnico do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Estrada, onde dirixía o departamento de Cultura, Normalización Lingüística e Xuventude; e foi, tamén, coordinador técnico da Rede de Dinamización Lingüística*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Valentín García Gómez como secretario xeral de Política Lingüística. Nacido en Abades, Silleda, en 1970, García Gómez é licenciado en Filoloxía Galega e conta cun posgrao e mestrado en Administración Local pola USC.

Ata o de agora, era técnico do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Estrada, onde dirixía o departamento de Cultura, Normalización Lingüística e Xuventude; e colaborou, tamén, no deseño e posta en marcha da Rede de Dinamización Lingüística, do cal era coordinador técnico. Esta rede está a supoñer unha novidade importante no deseño e aplicación das políticas lingüísticas en Galicia e conta actualmente con 93 entidades adheridas: concellos, entidades supramunicipais, 3 deputacións e o Consello da Cultura Galega.

O novo secretario xeral de Política Lingüística presidiu a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) e foi co-autor da proposta de creación dun consorcio de normalización lingüística presentada por esta entidade en 1998. Ademais, foi membro da comisión creada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para redactar os estatutos de creación dun Consorcio de Planificación Lingüística.

García Gómez colaborou na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e formou parte da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (Consello da Cultura Galega). Ademais, foi secretario da Fundación Xosé Neira Vilas, da Fundación Cultural da Estrada, e do Premio de Novela M. García Barros. Tamén, representante do Concello da Estrada na Fundación Antón Losada Diéguez e membro do Comité de Seguimento do Premio Xornalístico M. Reimóndez Portela.

Ten publicados diversos artigos e estudos sobre sociolingüística e a necesidade de formular políticas lingüísticas adaptadas á realidade social de Galicia, tema que desenvolveu en numerosos congresos, simposios, conferencias, así como na elaboración de proxectos da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén foi secretario da Fundación Castelao, e no eido da formación para persoal das administracións públicas, foi profesor colaborador da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Ten feito desde hai anos un intenso labor de dinamización da cultura e lingua de Galicia dende o ámbito dos municipios, no cal resaltou a planificación e execución de programas de amplo contido no fomento do idioma.

O CONSELLO APROBA O DECRETO POLO QUE SE NOMEA SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE A ANTONIO FERNÁNDEZ-CAMPA

Fernández-Campa (1963) é licenciado en Dereito pola Universidade de Oviedo e cursou o máster de Economía da Saúde da Escola Nacional de Sanidade, en colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade Autónoma de Madrid, e acreditado pola School of Hygiene and Public Health da Johns Hopkins University, en 1995.

Posúe o diploma de directivo da Escola Galega de Administración Pública e é funcionario do Corpo Superior de Intervención e Contabilidade da Administración da Seguridade Social.

De maio de 1990 a marzo 1991 foi xefe de sección de Intervención na Dirección Provincial do INSALUD na Coruña. Entre marzo de 1991 e febreiro de 1996, foi subdirector xeral de Orzamentos e Xestión Económica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. De febreiro a maio de 1996, exerceu como subdirector xeral de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, foi director xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde; director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde; subdirector xeral de Orzamentos e Xestión Económica do Servizo Galego de Saúde; e dende 2009 exercía como secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo.

NIEVES DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, NOVA XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A nova xerente exercía anteriormente como directora xeral de Asistencia Sanitaria da mesma entidade desde maio de 2009.

María Nieves Domínguez naceu en Ourense no ano 1968, e é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago. Con posterioridade, especializouse en Medicina Familiar e Comunitaria en Plasencia (Cáceres), ademais de realizar os cursos de doutoramento na Universidade de Salamanca. Posúe un máster en Xestión de Institucións Sanitarias pola Universidade de Madrid, e fixo un curso superior de Xestión de Servizos e Unidades Clínicas de Atención Primaria. Tamén é diplomada en Sanidade pola Escola Nacional de Sanidade. Xunto co anterior, tamén realizou un programa de Alta Dirección en Institucións Sanitarias, na Universidade de Navarra.

Ademais conta cunha dilatada experiencia profesional no eido da sanidade, que iniciou no Hospital Virgen del Puerto, en Plasencia, localidade onde tamén desempeñou o posto de coordinadora médica de equipos de Atención Primaria.

Entre 1998 e 2004, exerceu como directora médico de Atención Primaria na área da Coruña. Posteriormente, de novembro de 2004 a febreiro de 2005, desempeñou o cargo de subdirectora xeral de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, antes de asumir, ata outubro de 2005, a Subdirección Xeral de Calidade e Programas Asistenciais do mesmo organismo.

En 2005 desempeñou o cargo de técnico de saúde da Xerencia de Atención Primaria da Coruña e, desde 2008, exerceu de médico de familia na área sanitaria de Ferrol, concretamente no centro de saúde Fontenla Maristany.

Paralelamente, María Nieves Domínguez González vén desenvolvendo un intenso labor docente, impartindo multitude de cursos especializados, ao tempo que é autora dun importante número de publicacións e relatorios.

BENESTAR AXILIZARÁ A TRAMITACIÓN PARA O INICIO DAS ACTIVIDADES VINCULADAS Á XUVENTUDE, REDUCINDO O PROCESO DE 6 A 2 MESES

- ***A Consellería de Traballo e Benestar simplificará o proceso de recoñecemento das distintas tipoloxías de instalacións xuvenís e da expedición dos títulos de monitores e directores de tempo libre para favorecer este tipo de accións***
- ***O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe a modificación do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, para a súa adaptación á normativa europea***
- ***As autorizacións que se viñan concedendo tras a tramitación dos correspondentes procedementos substitúense por unha declaración responsable de inicio de actividade, tal e como establece a Unión Europea***

O proceso de tramitación para o inicio de actividades e expedición e homologación de títulos vinculados á área de xuventude reducirase de 6 a 2 meses co obxectivo de favorecer a posta en marcha deste tipo de actuacións. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta ao modificar o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á directiva europea.

Con esta actuación, simplificaranse e, por tanto, flexibilizaranse os procedementos de recoñecemento das distintas tipoloxías de instalacións xuvenís, das diferentes actividades ao aire libre, dos campos de traballo e das escolas de tempo libre. Así mesmo, axilizaranse as expedicións dos títulos de monitores e directores de tempo libre, así como a homologación doutros títulos expedidos por órganos doutras comunidades autónomas ou de estados membros da Unión Europea.

Para levar a cabo este proceso de axilización, substituiranse as autorizacións que se viñan concedendo tras a tramitación de cada actuación vinculada á xuventude por unha declaración responsable de inicio de actividade.

Por tanto, promoverase nas próximas semanas que a prestación do correspondente servizo se desenvolva baixo o réxime de declaración responsable pola que o prestador deberá facer unha triple manifestación: deberá atoparse en posesión da totalidade da documentación esixida para cada categoría de servizo; contar cos requisitos e obrigas esixidas polo Decreto 50/2000; e, por último, cumprir con todos os condicionantes mentres dure a prestación da actividade.

A Consellería de Traballo e Benestar dá cumprimento con esta modificación á directiva europea que establece un marco xurídico xeral que beneficia unha ampla oferta de servizos co obxectivo de permitir a modernización, de forma progresiva e coordinada, dos sistemas nacionais de regulación das actividades de servizos co obxectivo último de desenvolver un auténtico mercado interior na Unión Europea.

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR PON EN MARCHA A TARXETA SANITARIA VETERINARIA COMO INSTRUMENTO BÁSICO DE IDENTIFICACIÓN

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regulan as condicións de comercialización e uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regulan as condicións de comercialización e uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto desta norma é regular, no territorio galego, as condicións da prescrición veterinaria, rexistrando estes tratamentos nas explotacións gandeiras de animais produtores de alimento e comunicando os depósitos de medicamentos de emprego no exercicio profesional veterinario. Así mesmo, procédese á autorización e rexistro de establecementos distribuidores, dispensadores e elaboradores deste tipo de material, incluídos os destinados a animais de terrario, paxaros ornamentais, peixes de acuario e pequenos roedores (que non requiran prescrición veterinaria).

Tarxeta sanitaria

Mediante este decreto créase a tarxeta sanitaria veterinaria, documento administrativo persoal e intransferible emitido a favor dos propietarios dos animais incluídos no ámbito de aplicación deste decreto, que identifica o seu titular e lle dá acceso a toda a información relativa ás prescricións e rexistros dos tratamentos subministrados aos animais da súa propiedade.

Este instrumento convértese nunha ferramenta básica de relación entre propietarios de animais, facultativos veterinarios, establecementos dispensadores de medicamentos e a propia Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Esta tarxeta, ao conter toda a información do histórico de prescricións e tratamentos aos animais, resultará de gran utilidade tanto para os propietarios de animais de compañía como para os titulares de explotacións gandeiras.

Receta veterinaria

Segundo as indicacións recollidas no real decreto, as receitas emitidas en Galicia por facultativos veterinarios editaranse en galego e castelán, podendo emitirse informaticamente sempre que o usuario dispoña de certificado dixital e a través dun dispositivo de sinatura electrónica.

A receita constará dun orixinal para o establecemento dispensador e copias para o propietario ou responsable dos animais e outra que será retida polo veterinario que efectúe a prescrición que se conservará por un período de tempo de cinco anos.

Establecementos de venda de medicamentos

A presente norma establece tamén o rexistro de puntos de venda de medicamentos veterinarios por outras canles que non requiran prescrición veterinaria, rexistro de carácter público adscrito á Consellería do Medio Rural e do Mar. Son todos aqueles destinados a animais de terrario, paxaros ornamentais, peixes de acuario e pequenos roedores.

Paralelamente créase o rexistro de establecementos distribuidores e dispensadores de medicamentos veterinarios e elaboradores de autovacinas, onde estarán inscritos, ademais, os almacéns de distribución por xunto, establecementos de venda a retalho e entidades ou agrupacións gandeiras autorizadas para a venda polo miúdo.

A AXEGA COLABORA CON TELEFÓNICA PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN DAS POSIBLES EMERXENCIAS QUE AFECTEN ÁS REDES DE TELECOMUNICACIÓNS DA COMPAÑÍA

- ***Ambos os entes asinarán un acordo para axilizar o intercambio de información establecendo procedementos de comunicación bilateral, información recíproca e protocolos de actuación***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e Telefónica en materia de protección civil, co obxectivo de mellorar a prestación do servizo de ambas e optimizar procedementos, tempos e recursos no relativo ás emerxencias que poidan producirse nas instalacións e redes de telecomunicacións propiedade de Telefónica en Galicia.

A finalidade do acordo é axilizar o intercambio de información establecendo procedementos de comunicación bilateral, información recíproca e protocolos de actuación conxunta entre o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, dependente da Axega, e Telefónica.

Así, o texto establece os procedementos de comunicación bilateral e protocolos de actuación conxunta, de xeito que ambas as entidades estean informadas en relación con accidentes ou incidentes que se poidan producir nas instalacións e infraestruturas -tanto da rede de telefonía fixa como de telefonía móbil- propiedade de Telefónica en Galicia; para avaliar as incidencias, facilitar a súa resolución, minimizar o seu impacto e garantir o fluxo da información e comunicación ás administracións públicas e á cidadanía.

Con este obxectivo, e segundo o acordo, a Axega comunicará e informará a Telefónica sobre os riscos ou emerxencias que poidan afectar ás súas instalacións e infraestruturas e enviaralle os informes de predición meteorolóxica elaborados por Meteogalicia e a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet).

Pola súa banda, a empresa de telefonía porá en coñecemento do 112, coa máxima prioridade posible, os incidentes que poidan afectar o estado das redes de telecomunicacións e que pola súa especial relevancia ou criticidade sexa conveniente que sexan coñecidas pola Axega. Esta información permitirá aos organismos competentes en materia de telecomunicacións e protección civil valorar as incidencias, facilitar a súa resolución, minimizar o seu impacto, así como garantir un fluxo de información e comunicación ás administracións e á cidadanía.

Así mesmo, a empresa comprométese a intercambiar coa Axega información cartográfica e a poñer os medios humanos e materiais necesarios para os supostos de emerxencia que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente

graves; así como a formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte á emerxencia en caso de ser necesario.

As comunicacións entre o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e Telefónica realizaranse as 24 horas durante os 365 días do ano e serán efectuadas polos interlocutores designados para tal efecto.

Neste sentido, o acordo desta mañá incorpora un anexo en que se establece un protocolo de comunicación, información recíproca e actuación coordinada no cal se definen os procedementos relativos á prevención, comunicación e coordinación, así como o seu contido: situacións de risco e alertas meteorolóxicas, activación de plans, incidencias sobre as redes de telefonía fixas e móbiles, infraestruturas e servizos de telecomunicacións afectados, entre outros.

Este protocolo permitirá adoptar as medidas preventivas e os plans de continxencia necesarios para minimizar os seus efectos, así como mellorar os tempos de restablecemento de servizos afectados.

A AXEGA INTEGRASE NA ASOCIACION EUROPEA DE NÚMEROS DE EMERXENCIA NA PROCURA DA MELLORA CONTINUA NA RESPOSTA DE EMERXENCIAS

- ***EENA é unha asociación sen ánimo de lucro que serve como plataforma para acadar solucións que permitan unha mellora continua na resposta ás emerxencias***

O Consello da Xunta autorizou no día de hoxe o inicio das actuacións necesarias para a integración da Axencia Galega de Emerxencias, da cal depende o Centro e Atención de Emerxencias 112 Galicia, na Asociación do Número de Emerxencias Europeo 112 (EENA), o que permitirá que Galicia participe no estudo e análise de todas as iniciativas que se presenten co fin de garantir a mellora continua na resposta de emerxencias.

Coa integración da AXEGA na Asociación Europea de Números de Emerxencia conseguirase que a comunidade galega, teña unha resposta acorde coas necesidades dos cidadán respondendo aos mesmos altos estándares de calidade e servizo acorde con estes tempos e que a sociedade demanda dentro do territorio da Unión Europea.

A Asociación Europea de Números de Emerxencia (EENA) é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en 1999, e con sede en Bélxica, que ten entre os seus fins o de servir como plataforma neutral de debate entre os servizos de emerxencia e as autoridades públicas europeas coas asociacións e as empresas do sector, con vistas a acadar solucións que permitan unha mellora continua na resposta ás emerxencias acorde coas necesidades dos cidadáns.

EENA promove a promoción do establecemento dun sistema multilingüe, simplificado e eficiente que permita alertar os cidadáns das emerxencias inminentes ou en curso.

Forman parte de EENA representantes dos servizos de emerxencias de 42 países europeos, asociacións e organizacións internacionais, representantes das industrias do sector das emerxencias, así como membros do Parlamento Europeo.

En España, na actualidade forman parte de EENA, a Garda Urbana de Barcelona, o Servizo de Saúde de Cataluña, o SUMMA 112 de Madrid, e os 112 de Madrid, Castela e León, Murcia, Andalucía, Castela A Mancha, Canarias, Cantabria, Extremadura e Cataluña, e dende agora o 112 Galicia.

A XUNTA FOMENTA A CREACIÓN DA EUROCIDADE TUI-VALENÇA COMO OPORTUNIDADE DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E SOCIOECONÓMICO

- ***O Consello aprobou un protocolo de cooperación para a creación da Eurocidade Tui-Valença, que asinarán ambos os concellos e a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal***

O Consello da Xunta desta mañá deu o visto e praxe ao protocolo de cooperación para a creación da Eurocidade Tui-Valença, que asinarán a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal -que actualmente preside o xefe do Executivo galego, Alberto Núñez Feijóo- e os dous concellos transfronteirizos implicados.

Mediante este protocolo acordase iniciar as actuacións dirixidas a establecer lazos no campo da cooperación económica, comercial, institucional, tecnolóxica, turística e académica, como o mellor camiño para consolidar a cooperación mutua establecida e proporcionar unha maior calidade de vidas ás súas poboacións.

A converxencia das dúas cidades nestas áreas pretende que o “efecto fronteira” deixe de ser un inconveniente para converterse nunha oportunidade de desenvolvemento territorial e socioeconómico, promovendo a utilización de servizos e equipamentos comúns como instrumentos dinamizadores da convivencia entre a poboación de ambos os territorios.

No texto tamén se acorda promover o establecemento de empresas privadas en ambas as cidades, facilitando así o crecemento económico e un maior grao de industrialización dos seus produtos e redundando no benestar persoal e social dos seus respectivos habitantes.

Ademais, avógase por iniciar a cooperación en materia de ciencia e tecnoloxía co obxectivo de promocionar unha relación duradeira de traballo entre as respectivas comunidades científicas. Ademais, fomentárase o desenvolvemento de proxectos de cooperación en áreas de interese común, podendo, incluso, buscar fontes externas de financiamento para a súa consecución.

En concreto, o que se pretende é traballar conxuntamente para desenvolver accións de promoción de investimentos e oportunidades comerciais, produtivas e turísticas; fortalecer a cohesión social; promover a valorización dos recursos humanos nos diversos niveis de formación e aprendizaxe e promover a valorización do patrimonio natural e cultural.

Así mesmo, o protocolo busca consolidar e desenvolver o tecido empresarial local; integrar e promover o sector loxístico; revitalizar as actividades deportivas a través de infraestruturas comúns; dinamizar a actuación nas administracións, aproveitando as infraestruturas e equipamentos existentes; e planear de forma coordinada os novos equipamentos que se desenvolvan e as futuras actuacións que se realicen.

A de Tui-Valença será a segunda Eurocidade de Galicia, despois de que a principios de 2008 os municipios de Chaves (Portugal) e Verín (Ourense) comezasen a realizar accións conxuntas no seo da denominada Eurocidade da Auga.

A Eurocidade Chaves-Verín constituíu un proxecto pioneiro de cooperación transfronteiriza de segunda xeración, cuxo obxectivo é promover a converxencia institucional, económica, social, cultural e ambiental entre ambas as cidades a ambos os lados da 'raia'.

A XUNTA CONCEDERÁ UN PRÉSTAMO DE 500.000 EUROS Á ESTACIÓN DE INVERNO MANZANEDA PARA GARANTIR A SÚA VIABILIDADE

- ***Meisa é unha sociedade mercantil participada pola Xunta de Galicia, Novagalicia Banco, e os Concellos de Trives e Manzaneda***
- ***Esta sociedade establece e explota a estación invernal, incluíndo instalacións hoteleiras, deportivas e urbanización de terreos para venda ou arrendamento***
- ***Comprométese a desenvolver a comarca de Terra de Trives e levar a cabo accións que melloren a calidade e a información da estación de Manzaneda***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, a concesión dun préstamo por importe de 500.000 euros á sociedade Estación de Inverno Manzaneda, S.A. (MEISA) co obxectivo de garantir a viabilidade da sociedade.

Meisa é unha sociedade mercantil participada pola Xunta de Galicia, Novagalicia Banco e os Concellos de Trives e Manzaneda que ten como finalidade o establecemento e explotación da estación invernal, incluíndo instalacións hoteleiras, deportivas e urbanización de terreos para venda ou arrendamento.

Esta estación de esquí e montaña situada na comarca de Terra de Trives non está reservada exclusivamente á época de neve, senón que serve de polo de atracción turística e elemento dinamizador da zona polas actividades deportivas e de lecer que alí se desenvolven e os programas sociais e culturais para nenos e adultos.

Pola súa banda, MEISA comprométese a participar de maneira activa para o desenvolvemento da Comarca de Terra de Trives que o Goberno galego está a levar a cabo para o seu reequilibrio territorial, baseado nos principios de solidariedade e cohesión, aproveitando as súas condicións naturais e as súa potencialidades deportivas.

Igualmente, terá que relanzar a actividade da sociedade, no marco do seu plan de negocio, para desestacionalizar a demanda; conseguir unha mellor calidade dos servizos e da información aos usuarios; así como dirixir, xestionar e manter actuacións que melloren a calidade e información da estación de montaña de Manzaneda.

Nos últimos dous anos a Xunta de Galicia apoiou con outras fórmulas a estación con iniciativas promovidas dende a Secretaría Xeral para o Turismo, a Consellería de Traballo e Benestar e máis a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A XUNTA PON EN MARCHA UN SISTEMA PARA REDUCIR O CUSTO DOS TRÁMITES QUE CIDADÁNS E EMPRESAS REALIZAN COA ADMINISTRACIÓN

- *Esixírase que sexa posible a presentación na sede electrónica de cada novo procedemento que creen os departamentos autonómicos, garantírase a simplificación na entrega da documentación esixida e cuantifícase o aforro*
- *Estímase que a presentación electrónica de solicitudes para os procedementos administrativos ofrece ao solicitante un aforro de 75 euros, fronte á súa versión presencial*
- *Prevese que no 2012 polo menos a presentación do 95% dos trámites se poida realizar de xeito telemático a través da sede electrónica*
- *O novo sistema contribuirá a dinamizar a actividade empresarial na Comunidade, eliminando obstáculos e reducindo custos na súa xestión diaria*

A Xunta porá en marcha un procedemento de medición de cargas administrativas de xeito que garanta a redución dos custos e a simplificación da documentación esixible a cidadáns e empresas nos procedementos que teñen á súa disposición.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a norma que regula habilitación dos procedementos administrativos e os servizos da Administración xeral e o sector público de Galicia. O obxectivo da norma, que se publicará proximamente no DOG, é potenciar o uso da sede electrónica, a actualización da Guía de procedementos e servizos dispoñible na sede e garantir a simplificación e redución de trámites.

Cada vez que un departamento autonómico cree un novo procedemento esixírase que sexa posible a súa presentación a través da sede electrónica e realízase unha medición das cargas administrativas inherentes ao procedemento para cuantificar o aforro en termos de tempo e custos para simplificar os trámites ao conxunto da cidadanía. Prevese que no 2012 se poida realizar a presentación telemática a través da sede electrónica de polo menos o 95% dos trámites.

Con esta medida os cidadáns e empresas que o desexen poderán iniciar a súa tramitación desde os seus domicilios ou oficinas, sen necesidade de acudir aos rexistros autonómicos e co consecuente aforro de tempo e recursos.

Sede electrónica

A xestión dos procedementos administrativos e o acceso aos servizos recollidos na Guía de procedementos e servizos realízase progresivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, posta en marcha o pasado mes de setembro, e calquera novo procedemento que xurda crearase xa para ser presentado de xeito electrónico.

Desde a súa posta en marcha incorporáronse á sede electrónica 193 procedementos e o Obxectivo da Xunta de Galicia comprometeuse a acadar no 2013 o 100% da tramitación *on line* dos procedementos administrativos e avanzar cara a unha política 'cero papel'.

A potenciación da sede electrónica permitirá suprimir, de xeito gradual, o soporte papel e a necesidade de acudir as oficinas de rexistro da Xunta de Galicia para iniciar a tramitación de procedementos administrativos e servizos.

O obxectivo do Goberno galego é contribuír á dinamización da actividade empresarial na Comunidade, eliminando obstáculos na súa xestión diaria e mellorando a produtividade e competitividade dos principais sectores económicos.

Redución das cargas administrativas

Para a reducir as cargas administrativas o Executivo galego utilizará o método simplificado de medición de cargas administrativas consensuado entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, coñecido como 'modelo de custos estándar'.

Esta medida permitirá cuantificar en euros o aforro que a supresión de cargas administrativas supón para as empresas e a cidadanía como consecuencia da implantación da Administración electrónica nas súas relacións coa Administración pública galega. Así, estímase que a presentación telemática de solicitudes para o procedemento administrativo ofrecería ao solicitante un aforro de 75 euros, fronte a súa versión presencial.

En definitiva, a iniciativa aprobada esta mañá no Consello está encamiñada á modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos; propicia a redución de trámites e cargas burocráticas; facilita a relación entre os cidadáns e a Administración, contribúe a reducir os custos administrativos das actividades empresariais e axuda a mellorar a competitividade das empresas e estimular o seu desenvolvemento.

A XUNTA PORÁ EN MARCHA EN 2012 O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DIXITAL PARA APOIAR A INTEGRACIÓN DA CIDADANÍA GALEGA NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

- *A iniciativa é un complemento ás actuacións que desenvolve a Administración autonómica no ámbito da alfabetización dixital para achegar as TIC á unha maior porcentaxe da poboación*
- *O programa artículase sobre a figura do voluntario dixital, entidades colaboradoras e empresas que actuarán como mecenas dixitais*
- *O voluntario dixital deberá ser maior de 18 anos e ter un coñecemento tecnolóxico de usuario medio*
- *O programa desenvolverase ao longo de 2012 dividido en dúas convocatorias semestrais e espérase mobilizar 100 voluntarios na primeira fase*
- *As entidades colaboradoras e os voluntarios poderán adherirse ao programa unha vez que se faga a convocatoria a través da web www.voluntariadogalego.org*

O Goberno galego vai pór en marcha en 2012 o Programa de Voluntariado Dixital para contribuír á incorporación das novas tecnoloxías á vida cotiá de toda a cidadanía galega, mediante a colaboración e compromiso de persoas voluntarias, co obxectivo de fomentar a inclusión social, utilizando as TIC como ferramenta.

A posta en marcha do Programa de Voluntariado Dixital concíbese como un complemento ás actuacións que está a levar a cabo a Xunta no ámbito da alfabetización dixital, como a formación a través da Rede de Centros para a Modernización e Innovación Tecnolóxica (CeMIT), co obxectivo de achegar as TIC a unha maior porcentaxe da poboación e favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía. Trátase de evitar que ninguén quede á marxe do avance tecnolóxico xa que é unha forma máis de exclusión social a que hai que facer fronte.

O Programa de Voluntariado Dixital, promovido pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, artículase sobre a figura do voluntario dixital, as entidades colaboradoras e empresas que actuarán como mecenas dixitais. Ademais, a rede de voluntarios contará coa infraestrutura e equipamento tecnolóxico da rede de aulas CeMIT, as bibliotecas públicas e outros recursos que poñan á disposición do programa tanto entidades públicas como privadas que se adhiran á esta iniciativa. O programa desenvolverase ao longo de 2012 e dividirase en dúas convocatorias semestrais para que as entidades colaboradoras poidan adherirse ao proxecto.

As entidades colaboradoras e os voluntarios poderán adherirse ao programa unha vez que se faga a convocatoria a través da web www.voluntariadogalego.org. A convocatoria permanecerá aberta durante 1 mes. Para participar no programa as

entidades de acción voluntaria deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, Decreto 405/2001, do 29 de novembro.

O Programa de Voluntariado Dixital contará cunha web propia onde se publique a información sobre os servizos que ofrece. Esta web será o espazo en que se rexistrarán os voluntarios, as entidades colaboradoras e as empresas que queiran participar como mecenas dixitais na iniciativa.

A Oficina VoDIXITAL, composta polas persoas responsables do programa da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, será a encargada de canalizar a oferta-demanda do programa, canalizando tanto as solicitudes como o labor dos voluntarios e os apoios dixitais que soliciten as entidades de acción voluntaria a través da web do proxecto.

A intención do programa é ofertar un espazo de comunicación entre os axentes implicados na acción voluntaria en Galicia e as persoas voluntarias facilitando o contacto entre eles

Voluntarios

O programa entende como voluntario dixital o internauta maior de 18 anos, cun coñecemento tecnolóxico de usuario medio capaz de axudar cos seus coñecementos e sentido da solidariedade á alfabetización dixital.

O obxectivo no primeiro semestre é conseguir a mobilización de 100 voluntarios que sexan demandados a través da solicitude, por parte das entidades de acción voluntaria que se adhiran ao proxecto.

O seu labor estará dirixido aos colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, entre outros, as persoas maiores, desempregados, persoas con discapacidade, persoas hospitalizadas e mulleres.

Os voluntarios terán á súa disposición un programa de capacitación incluído no Plan de Formación do Voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude para poder realizar as actuacións de apoio dixital. Ademais da formación os voluntarios recibirán o recoñecemento ao seu labor en forma de certificación da súa participación nas actividades que desenvolvan e terán a posibilidade de poñerse en contacto con profesionais do sector galego das novas tecnoloxías, o mundo empresarial e o terceiro sector.

As persoas que queiran participar no programa como voluntarios dixitais rexistraranse como voluntarios na web do proxecto e solicitarán aqueles apoios dixitais que máis lles interesen, demandados polas entidades de acción voluntaria.

Apoio dixital

O apoio dixital é o modo no que os voluntarios ofrecen a súa axuda e os seus coñecementos para que os usuarios do proxecto poidan achegarse ás novas tecnoloxías. Os apoios dixitais responderán as temáticas relacionadas coa internet e novas tecnoloxías, son as seguintes como: iniciación a internet, redes sociais, lecer e servizos da rede, equipamento e conectividade, recursos da internet.

Entidades colaboradoras e mecenas dixitais

As entidades colaboradoras clasifícanse en entidades de acción voluntaria, que se adhiren ao proxecto para difundir os seus obxectivos cos colectivos con que cooperan e organismos colaboradores, e aquelas institucións públicas e privadas que terán un papel de apoio, soporte e aval á iniciativa de maneira continua. Na primeira fase de posta en marcha do proxecto está prevista a sinatura de catro convenios con outras tantas entidades representativas dos colectivos de persoas maiores e persoas con discapacidade, así como entidades representativas do ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación.

Os mecenas dixitais son as empresas privadas que participan na liña do mecenado dixital contribuindo economicamente no programa de formación, na doazón de equipamento TIC e outros bens, na cesión de uso de espazos TIC, apoiando a comunicación ou financiando eventos específicos.

Proceso de solicitude do apoio dixital

Para iniciar o proceso de solicitude primeiro deben rexistrarse como entidade de acción voluntaria na web do proxecto, despois crear unha demanda de apoio dixital, solicitar o número de voluntarios requiridos para el e, finalmente, nomear un coordinador para o Programa de Voluntariado Dixital.

As entidades de acción voluntaria e os voluntarios poderán adherirse ao programa unha vez que se faga a convocatoria a través da web www.voluntariadogalego.org. A convocatoria permanecerá aberta durante 1 mes. Para participar no programa estas entidades deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia, Decreto 405/2001, do 29 de novembro.

Aulas VoIDIXITAL

O apoio dixital poderá recibirse en calquera das aulas pertencentes á "Rede Aulas VoIDIXITAL", entre as cales se atopan bibliotecas públicas, centros Rede CeMIT, centros sociocomunitarios, etc.

Os apoios dixitais serán realizados polos voluntarios en calquera das aulas dispoñibles para ese efecto, a oficina de voluntariado dixital encargárase de acceder ao inventario para reservar os recursos dispoñibles no centro máis adecuado segundo as necesidades

do acompañamento, a proximidade, a dispoñibilidade do centro e as preferencias do solicitante.

AS OBRAS PARA SEPARAR OS SENTIDOS DE CIRCULACIÓN NO CORREDOR DO MORRAZO COMEZARÁN O VINDEIRO LUNS 16 DE XANEIRO

- ***Con estas medidas a Xunta pretende incrementar a seguranza viaria e diminuír ao máximo a posibilidade de colisións frontais por invasión do carril contrario***
- ***A instalación de barreiras de formigón farase ao longo de case tres quilómetros e as balizas cilíndricas cada 50 metros no resto do eixo***
- ***A barreira de formigón situarase no tramo con carril lento e nos treitos próximos aos enlaces, xa que son os que contan con largura suficiente para posibilitar o desvío do tráfico en caso de emerxencias***
- ***As balizas cilíndricas situaranse no resto do tramos en que non é posible instalar barreira de formigón, para marcar un eixo claro da calzada e facer un efecto de estreitamento***

A Xunta de Galicia comezará as obras para separar os sentidos de circulación no corredor do Morrazo o próximo luns, 16 de xaneiro. O Consello da Xunta foi informado esta mañá da aprobación do gasto da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Sociedade Pública de Investimentos, para a execución desta actuación de emerxencia, que consistirá na implantación de medidas físicas e visuais para separar os dous sentidos de circulación do corredor do Morrazo. O principal obxectivo desta actuación é mellorar a seguranza viaria e diminuír ao máximo a posibilidade de choques frontais por invasión do carril contrario.

Cómpre sinalar que o propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, presentou a finais do pasado mes de decembro e que propón dous tipos de separacións:

- Instalación de barreira de formigón nos treitos que cumpran dúas condicións: por un lado, que exista unha largura suficiente para poder implantar este tipo de medianil, xa que a súa colocación suporá unha redución da largura dos carrís; e en segundo lugar, deben ser treitos que posibiliten desviar o tráfico en caso de emerxencias (por labores de mantemento, avarías de vehículos, accidentes, etc.) evitándose así un posible colapso da vía.


Teñen este tipo de características o único treito de carril lento do corredor, así como todos os tramos dos enlaces. En total, a barreira ríxida colocarse en preto de 3 quilómetros:

Barreira ríxida PK


Treito con carril lento	0+780 – 1+620
Enlace Domaio	3+150 – 3+400
Enlace Meira – Marín	6+940 – 7+360
Enlace Moaña	9+370 – 9+510
Enlace Cangas	11+010 – 12+210

A sección tipo actual e a sección tipo proposta coa instalación da barreira de formigón sería a seguinte:

SECCIÓN TRONCO . ESTADO ACTUAL



SECCION TRONCO . SECCION PROPOSTA




- Con balizas cilíndricas cada 50 metros no resto do eixo da calzada onde non vaia a barreira de formigón. Estas balizas marcan un eixo claro da estrada á vez que fan un efecto de estreitamento.



TREITOS PARA BALIZAS	
PK	Lonxitude (m.)
0+000 – 0+780	780
1+620 – 3+150	1.530
3+400 – 6+940	3.540
7+360 – 9+370	2.010
9+510 – 11+010	1.500
12+210 – 14+890	2.680

O plano de situación dos treitos onde se implantarían estas medidas é o seguinte:



Medidas implantadas en 2010

O corredor do Morrazo é unha vía de alta capacidade cunha lonxitude de case 15 quilómetros que soporta un tráfico moi elevado, de máis de 16.500 vehículos ao día, con velocidade limitada a 100 quilómetros por hora. A principios de 2010 establecéronse medidas paliativas para reducir a accidentalidade na vía coa colocación de carteis de advertencia e recomendación da redución de velocidade a 90 quilómetros/hora.

Ademais, a Xunta puxo en marcha medidas adicionais, substituindo a sinalización horizontal convencional de separación de sentidos de circulación, é dicir, a liña continua simple, por unha dobre liña continua con resaltos e sonora, completando a dita actuación coa implantación de captafaros reflectores (ollos de gato) de dobre face no eixo central da vía.

Estas medidas reduciron a posibilidade de accidentes mortais, algo que se intenta mellorar agora reducindo o máximo posible a probabilidade de choques frontais.

A PLATAFORMA DE INNOVACIÓN SANITARIA CONTA CON 23 SUBPROXECTOS NO SEU PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE

- ***A Xunta de Galicia contará con 90 millóns de euros, 63 deles a través do Ministerio de Economía e Competitividade, de Fondos europeos e o resto achegados pola comunidade autónoma***
- ***Dende a súa posta en marcha recibíronse 35 iniciativas impulsadas por profesionais do Sergas, relacionadas con distintas áreas como a teleasistencia, xestión do coñecemento, residuos sanitarios e sistemas de información***

A Plataforma de Innovación Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, creada a finais do ano 2010, conta con 23 subproxectos englobados en dous grandes proxectos, o Hospital 2050 e INNOVA-Saúde.

O Hospital 2050 que conta con 9 destes subproxectos, engloba o deseño e planificación de varias iniciativas encamiñadas a desenvolver un hospital do futuro eficiente, seguro, respectuoso co ambiente e adaptado ás novas tecnoloxías, e, sobre todo, centrado nos pacientes, tendo que ser considerado estratéxico e clave para a sociedade.

Doutra banda, a iniciativa INNOVA-Saúde está composta de 14 subproxectos de innovación en prestación de servizos asistenciais á vez que se facilita o desenvolvemento de negocio innovador arredor do sector sanitario en Galicia. O obxectivo é transformar o modelo de asistencia sanitaria actual cara a outro centrado no paciente, e que dea resposta ás súas necesidades.

Así, a Xunta de Galicia contará con 90 millóns de euros, 63 deles a través do Ministerio de Economía e Competitividade, de Fondos europeos e o resto achegados pola comunidade autónoma.

Ademais, desde a posta en marcha da plataforma recibíronse 35 iniciativas impulsadas por profesionais do Sergas, relacionadas con distintas áreas como a teleasistencia, xestión do coñecemento, residuos sanitarios e sistemas de información.

A través da Plataforma de Innovación trátase de promover e coordinar a participación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en proxectos de innovación e xestionar os resultados deles facilitando así o establecemento de colaboracións entre as diferentes administracións, o Servizo Galego de Saúde, os centros de coñecemento e as empresas tecnolóxicas do noso contorno.

Neste eido, búscase un novo modelo máis sustentable e eficiente que poida, ao mesmo tempo, favorecer o desenvolvemento dun contexto de crecemento do tecido empresarial dun sector cunha ampla transversalidade.

Estes proxectos fornecen solucións innovadoras ás necesidades reais detectadas polos profesionais, desenvolvendo novos servizos que faciliten un mellor aproveitamento dos recursos.

A Plataforma de Innovación Sanitaria enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014 do sistema sanitario como creador de valor.